

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

7 de novembro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día sete de novembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG) e D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8537.- **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2026 (EXPTES. 2025071133-2025070722-2025054063)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/LiEh0w4gzZB5TXB0CLqMJL3UnS9nP6FnHolEVCrnrwAXwI>

O Presidente da Deputación en cumprimento do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, elaborou o orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026, no que figura unha memoria asinada con data 28 de outubro de 2025 onde se explica o contido e as principais modificacións do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026 en relación có de 2025.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, a aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2026 que está integrado por:

- O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 238.597.397,00 euros.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 661.079,00 euros.
- O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, por importe de 6.000.100,00 euros.



- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.294.005,00 euros.
- O Orzamento Xeral consolidado, por importe de:
 - En ingresos.....243.694.901,00 euros.
 - En gastos.....243.694.901,00 euros.
- Apróbanse as bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbase o organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbanse os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Apróbase o Anexo de investimentos para o exercicio 2026.
- Apróbase o plan (marco) orzamentario a medio prazo 2025-2027.
- Apróbanse os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son o seguintes:



ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	57.198.673,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	50.574.845,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	133.004,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	38.047.465,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
Total Operacións correntes	146.953.987,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	34.072.854,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	57.298.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Total Operacións de Capital	91.643.410,00 €
TOTAL ORZAMENTO	238.597.397,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.131.855,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	183.650.869,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	3.555.705,00 €
Total Operacións correntes	237.248.897,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	260.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.348.500,00 €
TOTAL ORZAMENTO	238.597.397,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	594.323,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	65.656,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	100,00 €
Total Operacións correntes	660.079,00 €



OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	1.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	661.079,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	535.077,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	2,00 €
Total Operacións correntes	660.079,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	661.079,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	5.105.051,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	799.600,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	6.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	10.000,00 €
Total Operacións correntes	5.920.651,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Inversións reais	70.949,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	8.500,00 €
Total Operacións de Capital	79.449,00 €
TOTAL ORZAMENTO	6.000.100,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.380.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	3.620.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	100,00 €
Total Operacións correntes	6.000.100,00 €
TOTAL ORZAMENTO	6.000.100,00 €



**ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E
SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.**

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	1.096.616,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	196.888,06 €
Total Operacións correntes	1.293.505,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	500,00 €
Total Operacións de Capital	500,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.294.005,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.024.705,00 €
Total Operacións correntes	1.294.005,00 €
TOTAL ORZAMENTO	1.294.005,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	63.994.663,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	51.636.989,06 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	133.104,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	35.196.785,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.010.000,00 €
Total Operacións correntes	151.971.542,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	34.145.303,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	57.297.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	280.900,00 €
Total Operacións de Capital	91.723.359,00 €
TOTAL ORZAMENTO	243.694.901,00 €



ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Impostos directos	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.906.155,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	185.973.971,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	3.555.807,00 €
Total Operacións correntes	242.346.401,00 €
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	260.000,00 €
Total Operacións de Capital	1.348.500,00 €
TOTAL ORZAMENTO	243.694.901,00 €

Este expediente de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2026, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e trece minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.



De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 7 de novembro de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 7-novembro-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - 8b4ef3aa0efbc025d6fc610b1add7416038a4a642ecfa3a81d5afbac04dc0e3e2bd a7aee9a5a2cc184c5cd0ba11c680ce3baf59408dcfd118f2f3cc02d5be719 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=NmY5ZDJkMGMtMmNkZS00YWUzLTkwNTgtYzgwNDk0MjU4NjE5>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María M`nuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz; Remoto;

00:11:45 - López Diéguez, Luis

00:11:52 : 1. Aprobación inicial do Orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2026 (Exptes. 2025071133-2025070722-2025054063).

00:12:08 - Cubela López, Jorge

00:22:29 - López Diéguez, Luis

00:22:37 - Mosquera Lorenzo, César

00:33:00 - López Diéguez, Luis



00:33:17 - Iglesias González, Ana Laura
00:42:12 - López Diéguez, Luis
00:42:17 - Cubela López, Jorge
00:48:48 - López Diéguez, Luis
00:48:52 - Mosquera Lorenzo, César
00:55:16 - López Diéguez, Luis
00:55:27 - Iglesias González, Ana Laura
01:01:51 - López Diéguez, Luis
01:02:04 - Cubela López, Jorge
01:06:32 - López Diéguez, Luis
01:13:03 : [FIN]

-- O --

